

ACTA N° 11/2012

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, REALIZADA O DÍA 21 DE AGOSTO DE 2012.

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación do Plan Especial de Ordenación de liñas eléctricas no Concello de Moaña e solicitude de axuda a Consellería de Industria.

2.- Aprobación inicial da “Ordenanza reguladora do punto de atención á infancia: Programa Aquelar

Señores/as asistentes:

Sr. Alcalde:

D. José Ferverza Costas

Srs. Concelleiros/as:

Dna. Susana Varela Santiago

D. Jorge Santomé Gestido

D. Angel Manuel González Riobó

Dna. María Colomba López Freire

Dna. Rosa Solla Veiga

D. José Freire Cancelas

Dna. María del Carmen Maya Santomé

D. Xosé Manuel Millán Otero

Dna. María Martínez Nogueira

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

D. Valentín Piñeiro González

Dna. María Libertad Cruz Couso

D. Daniel Rodas Chapela

Dna. Coral Ríos Santomé

D. Victor Manuel Pastoriza Lino

Dna. Marta Freire Riobó

Na Casa do Concello de Moaña a 21 de agosto do 2012, ás 20:05 horas, reúnen-se as persoas sinaladas baixo da Presidencia do Sr. alcalde D. José Ferverza Costas, asistido polo secretario accidental do Concello D. José Rodríguez Veloso, coa finalidade de celebrar Pleno extraordinario, anunciado para o día de hoxe.

1.- Aprobación do Plan Especial de Ordenación de liñas eléctricas no Concello de Moaña e solicitude de axuda a Consellería de Industria.

2.- Aprobación inicial da “Ordenanza reguladora do punto de atención á infancia: Programa Aquelar

Despois de agradecer a todos a súa asistencia o Sr. Alcalde propón retirar o segundo punto **Ordenanza reguladora do punto de atención á infancia: Programa Aquelar** da orde do día dado que aínda que é urxente a súa aprobación sería preciso que a tesoureira fixera un estudo máis detido.

O Sr. Millán manifesta que a tramitación do expediente non é o adecuado, falta o regulamento do servizo, estudo económico financeiro, non se pode recoller o nome da empresa que vai facer o servizo, informe de Secretaría e Intervención; a urxencia non é motivo para facer mal a tramitación.

O Sr. Pastoriza manifesta que tamén tiñan pensado pedir que se retirara este punto da orde do día porque un servizo que tiña que prestar a administración autonómica a pasan ao Concello. De todos xeitos, se teñen pensado traer novamente este asunto para a súa aprobación polo Pleno debería previamente enterarse que no Concello hai dúas escolas infantís e unha delas está subvencionada e creo que presta o servizo máis económico ca o Concello, debemos de deixar de facerlle a competencia á empresa privada que actualmente xa o teñen difícil.

A concelleira Sra. Maya Santomé precisa que nos antecedentes da ordenanza non aparece explicitamente o nome da empresa que vai prestar o servizo, non se pretende facerlle competencia as garderías e debe estudarse a fórmula de que o desconto a determinadas familias con poucos recursos sexa un pouco máis que o 10%

Procédese a votación para retirar o punto da orde do día e queda aprobado por unanimidade.

1.- Aprobación do Plan Especial de Ordenación de liñas eléctricas no Concello de Moaña e solicitude de axuda á Consellería de Industria.-

Pide a palabra o Sr. Pastoriza para dicir que para tratar este punto falta o informe de Urbanismo, Intervención e Secretario. Preténdese pedir á Xunta 1.500.000 euros para entregarllos a Fenosa sen cobertura legal. Propón a retirada deste punto.

Seguidamente o Sr. Alcalde dá lectura

PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DE LIÑAS ELÉCTRICAS NO CONCELLO DE MOAÑA E SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA E INDUSTRIA PARA LEVALO A CABO

En data 9 de xaneiro de 2012, asínase o Plan Especial de Ordenación de Liñas Eléctricas da Consellería de Economía e Industria para a adecuación de infraestruturas eléctricas na Península do Morrazo, 2012-2014.

O Concello púxose en contacto con Unión Fenosa Distribución, S.A. para de que remitisen unha valoración económica das actuacións necesarias para a adecuación das citadas infraestruturas.

En resposta a dita petición, Unión Fenosa Distribución, S.A., remitiu o día 3 de agosto do 2012, o correspondente estudo técnico-económico. A proposta que se remite contempla un investimento total das actuacións a realizar de catro millóns catrocentos sesenta e cinco mil oitocentos corenta e sete euros e sete céntimos (4.465.847,07 €), dos que o Concello ten que asumir a cantidade de un millón cincocentos cinco mil euros (1.505.000 €). Tendo en conta a situación de crise na que nos atopamos e non dispoñendo este Concello da capacidade económica precisa para acometer as actuacións necesarias para executar o referido Plan, é vontade deste Concello solicitar a colaboración da Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía e Industria ó obxecto de que subvencione as actuacións previstas para a ordenación das liñas eléctricas neste municipio.

Visto o Plan especial preparado e remitido pola Consellería de Economía e Industria, e que inclúe a xustificación do Plan, proposta técnico económica de Unión Fenosa Distribución e Orzamento do Plan.

Propónse ao Pleno Municipal, a adopción dos seguintes acordos:

PRIMERO: Aprobar o Plan Especial de Ordenación de Liñas Eléctricas no Concello de Moaña por importe total de catro millóns catrocentos sesenta e cinco mil oitocentos corenta e sete euros e sete céntimos (4.465.847,07 €), cuxa execución estará condicionada ao outorgamento da subvención solicitada á Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía e Industria.

SEGUNDO: Solicitar a colaboración da Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía e Industria ao obxecto de que subvencione as actuacións previstas para a ordenación das liñas eléctricas neste municipio, por importe de un millón cincocentos cinco mil euros (1.505.000 €).

TERCEIRO: Autorizar ao Sr. Alcalde para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios con vistas á execución dos presentes acordos, en nome e representación deste Concello.

Intervén o Sr. Millan:

Proponse a retirada do punto por falla de documentación. Na Comisión solicitouse se incorporara os informes pertinentes. No expediente non hai antecedentes de negociacións. Non consta petición alguna. Falta informes de Intervención e Secretaria. Imos votar en contra agora e despois. O Concello non ten que facer esta clase de obras, o subministro de alta e media non é do Concello, soamente é a do alumeado público.

O Sr. Alcalde replica dicindo que cando estaba de Alcalde falaba dun xeito e agora fala doutro, sempre se estivo negociando de cara a levar a cabo esta obra, tanto no Touzal, como en Trigás e no Xestoso, nós agora estamos a propoñer un lugar que non molesta a nadie, encima

da vía rápida. Dá lectura a varios recortes de prensa donde se recolle o interese e negociacións na obra.

A continuación interveñen

Un representante da Chamusca

E o Presidente da Asociación das Pajonas

Ámbolos dous expuseron os seus puntos de vista sobre a realización desta obra.

Procédese a votación

Proposta para retirar o punto:

A favor, 2 concelleiros do PSOE (Victor e Marta)

Abstención: 7 concelleiros do BNG (Sres/as Millan, Martinez, Riobo, Cruz, Rodas, Rios, Piñeiro).

En contra: 8 concelleiros do PP (Sres/as Fervenza, Varela, Santome, Gonzalez, López, Solla, Freire, Maya

Proposta a realización da obra:

A favor: 8 concelleiros do PP

En contra: 7 concelleiros do BNG

2 concelleiros do PSO

Intervén o Sr. Millán para dicir que se declare de urxencia o punto de non percibir o importe das asistencias a este Pleno.

Votase, quedando aprobado por unanimidade tanto a declaración de urxencia como a non percepción das asistencias este pleno.

O Sr. Alcalde acorda levantar a sesión do sendo as vinte e unha e trinta horas do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

Vº PRACE

O SECRETARIO

O ALCALDE